



Xosé María Díaz Castro

Faro *da* Cultura
número 500

FARO DE VIGO
SÁBADO, 17 DE MAIO DE 2014

XIX

LETRAS GALEGAS 2014

Alén da lingua

Arredor das traducións de Díaz Castro

JOAQUIM VENTURA

Sucede con frecuencia que as actividades que aportan a manutención aos escritores (sirva tamén para outros creadores) quedan relegadas pola creación literaria en libro. A novela, a poesía, o ensaio mesmo, dan unha dimensión de sona (e de vaidade, sempre lexítima) cuxo esforzo non sempre queda compensado polos resultados crematísticos.

O froito literario é, do mesmo xeito, o resultado de destilar unha formación e unha praxe que decote atopamos nas páxinas dos xornais, nos programas de radio, nos encargos institucionais

máis ou menos de circunstancias ou no mundo da creatividade publicitaria.

Dun xeito semellante, no caso de Xosé María Díaz Castro, a súa creación literaria, se ben cativa en volume, resultou dunha altísima calidade en tanto que foi froito dunha profunda formación humanística e dunha práctica cotiá da linguaxe. O exercicio da tradución –aínda que se trate de textos tan pouco suxestivos como os cablegramas encriptados do ministerio da Gobernación en pleno franquismo– obriga a procurar decote no particular



Comeiro: *A sega da herba* (1975).

fondo de armario do léxico particular a mellor das solucións.

Pero como ninguén

nace cando elixe, Díaz Castro tivo que aturar as dificultades da época que lle tocou vivir. Unha

dificultade que era dobre: por falla de normalización política e por falla de normalización social

as traducións ao galego non deixaban de ser un-

---> PASA Á PÁXINA SEGUINTE

Fai do teu talento o teu traballo

Ano 2022,
Pablo recibe o Goya
ao Mellor Director Novel



actitudevigo.es
#actitudevigo

Universidade de Vigo

Campus
de excelencia internacional